

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A CESIÓN EN PROPIEDADE DE EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, O.T. 5, PRIORIDADE DE INVERSIÓN 5.2, OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.2.1., LIÑA DE ACTUACIÓN 5.2.1.3.

En Santiago de Compostela (A Coruña), 7 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e actuando en nome e representación da Axencia Galega de Emerxencias (en diante, AXEGA), na súa condición de presidente, consonte ao artigo 9.2. c) do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da AXEGA.

Pola outra parte, **Xosé Lois García Carballido**, alcalde do concello de Ponteceso (A Coruña), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente, lexitimación e representación para o outorgamento deste acordo e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 ten entre os seus eixes reidores a dotación de equipamento, instalación e infraestruturas de protección civil destinadas á prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e fenómenos relacionados co clima, co fin de garantir unha resposta eficaz fronte aos riscos producidos polos fenómenos da natureza así como os derivados da actividade do home sen esquecer as tarefas de prevención fronte a eles.

SEGUNDO. Segundo o artigo 10 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emergencias de Galicia, o papel da Xunta de Galicia céntrase en tres funcións fundamentais: a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de

forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

Para o desenvolvemento destas funcións ten unha importancia esencial a AXEGA, que se crea como entidade pública dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, segundo o disposto no artigo 16 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, á cal se lle encomenda a execución da política autonómica de protección civil e xestión de emerxencias e a xestión dos seus medios e servizos.

A AXEGA asume como propios os obxectivos en materia de protección civil e emerxencias que se especifican no artigo 3 do citado corpo legal, tanto da xestión dos riscos, da xestión das emerxencias como da xestión da rehabilitación mediante a restauración dos servizos esenciais e a recuperación da situación de normalidade tras a emerxencia.

A AXEGA ten entre as súas finalidades a de acadar unha elevada calidade de resposta ás emerxencias en todo o territorio de Galicia baseada en criterios de homoxeneidade, eficacia e eficiencia sendo unha das premisas establecidas nos plans de emerxencias a de asegurar a coordinación de todos os organismos e administracións implicadas, así como a de poñer a disposición dos servizos de intervención materiais e equipos específicos para o seu uso na resolución de determinado tipo de intervencións.


No marco do sistema público integrado de protección civil que define a Lei 5/2007, do 7 de maio, a AXEGA exerce as súas funcións en colaboración con outras Administracións competentes na materia. Pero non sempre os servizos municipais ou supramunicipais dispoñen dos medios necesarios e dos recursos máis técnicos e especializados, polo que un dos obxectivos da AXEGA é poder dotalos dun equipamento axeitado que posibilite e redunde nunha mellor capacidade de intervención co fin de acadar un maior grao de seguridade para a cidadanía.

TERCEIRO. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan

a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder fazer fronte as súas competencias en materia de protección civil e emerxencias.

CUARTO. O 13 de maio de 2013 asinouse un convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as Deputacións provinciais, en materia de emergencias e prevención e defensa contra os incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emergencia supramunicipais (GES) como grupos operativos en emergencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emergencias de Galicia.

O 26 de decembro de 2018 as mesmas partes asinaron un novo convenio de colaboración co mesmo obxecto que o anterior e no que se establece, entre outros aspectos, a dependencia xurídica e orgánica dos respectivos GES ao ente local polo que foron contratados así como as súas funcións, que se citan a continuación:

- 
- a) Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
 - b) Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
 - c) Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 - d) Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en téreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
 - e) Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
 - f) Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes naturais ante calquera perigo de lume.
 - g) Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
 - h) Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de

seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.

- i) Colaborar, e no seu caso, intervir en situacíons derivadas de riscos inducidos polo home.
- j) Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracíons de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacíons serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- k) Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- l) Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- m) Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacíons de riscos indicados nos apartados anteriores.
- n) Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- o) Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- p) Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

O 16 de marzo de 2021 asinouse a addenda ao citado convenio de colaboración, o que supón unha modificación de varias cláusulas e anexos do citado convenio, entre elles unha modificación dos ámbitos de actuación dos GES e das súas sedes e subsedes.

QUINTO. Con base no catálogo de medios e recursos e valorado o risco e as incidencias rexistradas, vistas as necesidades dos diversos intervintes fronte as emerxencias e a dotación con que contan os distintos servizos, concluíuse que o concello de Ponteceso (A Coruña), onde radica a localización estratégica e sede do GES de Ponteceso como grupo operativo de emerxencias de ámbito supramunicipal, cuxo emprazamento e funcións veñen establecidas no

instrumento convencional reseñado no expositivo anterior demanda dunha dotación de medios óptima para garantir a súa operatividade e cometido establecido no citado instrumento convencional.

A concuntura descrita, xunto coa necesaria aplicación de criterios de eficiencia e eficacia na asignación dos recursos públicos, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a entrega do equipamento mediante este instrumento.

SEXTO. Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución que así o aconsellan, a AXEGA e o concello de Ponteceso (A Coruña) conveñen en subscribir este acordo de colaboración para a dotación de equipamento en materia de emergencias ao GES de Ponteceso, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente acordo é fixar as bases que rexen a colaboración entre a AXEGA e o concello de Ponteceso (A Coruña), onde ten a súa sede o GES de Ponteceso, para mellorar e reforzar a dotación de equipamento deste grupo operativo mediante a cesión en réxime de propiedade a título gratuito do seguinte material afecto en materia de emergencias:

TIPOLOXÍA DE MATERIAL	NÚMERO DE BASTIDOR	MATRÍCULA	CÓDIGO DE INVENTARIO DA AXEGA
1 Vehículo autobomba rural pesada (BRP)	WMA38DZZ3MY431103	5115 MDG	700100019800

SEGUNDA. DESCRICIÓN DO EQUIPAMENTO OBXECTO DE CESIÓN

A dotación do equipamento obxecto da cesión en propiedade está constituída por un vehículo tipo autobomba rural pesada (BRP), Marca MAN, Modelo TGM.

TERCEIRA. OBRIGAS DA AXEGA

A AXEGA cooperará na realización das actuacións que perseguen acadar o obxecto á que se refire a cláusula primeira deste acordo de colaboración, mediante a entrega ao concello de Ponteceso, en réxime de cesión en propiedade a título gratuito, do equipamento específico en

materia de emergencias relacionado na cláusula primeira e que deberá ser destinado ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

A adquisición previa por parte da AXEGA do material obxecto de entrega está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80% no marco do Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020, OT 5, Prioridade de investimento 5.2, Obxectivo Específico 5.2.1, Actuación 5.2.1.3.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO ONDE RADICA A SEDE DO GES DE PONTECESO

Ao abeiro deste acordo, polo concello onde radica a sede do GES, asúmense os seguintes compromisos:

- 
- a) Executar as actuacións que constitúen o obxecto deste acordo e cumplir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
 - b) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na demais normativa de aplicación vixente a nivel autonómica, estatal e europea.
 - c) Usar correctamente e destinar o equipamento ás finalidades exclusivas derivadas das tarefas no ámbito das emergencias e protección civil e adoptar todas as medidas precisas para garantir a súa adecuada conservación e custodia así como ao seu mantemento durante un **período mínimo de cinco (5) anos** de acordo co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
 - d) Asumir os gastos do imposto especial sobre determinados medios de transporte, seguros, mantemento, conservación e calquera outro gasto que poida supor a cesión, así como as indemnizacións derivadas de posibles declaracíons de responsabilidade civil ou criminal polo uso do equipamento, calquera que sexa a súa contía.
 - e) A dar debido cumprimento da normativa vixente reguladora en materia patrimonial en relación coas implicacións no seu inventario e correspondente rexistro de bens derivadas da subscrición deste acordo, de conformidade co preceptuado no artigo 17 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens

das entidades locais e o artigo 278 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

- f) Cumprir cos requisitos de publicidade nos termos sinalados na cláusula décimo primeira.

QUINTA. FACULTADES DE INSPECCIÓN

A AXEGA resérvese a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das obrigas e requisitos que comporta esta entrega.

A entidade beneficiaria comprométese a facilitar as actuacións de comprobación e verificación que, en relación co material obxecto deste acordo, realice a AXEGA ben directamente ou a través de terceiros.

SEXTA. REVERSIÓN DOS BENS NA AXEGA

No caso de que se advirta que o equipamento cedido non se aplica ao fin sinalado ou deixa de estalo con posterioridade, se descoide ou empregue con grave quebrantamento ou se observe calquera incumprimento das condicións a asumir por parte da entidade beneficiaria neste instrumento, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor dos detrimientos ou da deterioración que experimentasen.

SÉTIMA. SEGUIMENTO DO ACORDO

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do acordo, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante da AXEGA, e outra persoa representante do concello no que radica a sede do GES de Ponteceso.

Actuará como presidente o representante da AXEGA, con voto de calidade.

Esta comisión reunirase as veces que as partes estimen oportunas para o cumprimento do acordo.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e as súas funcións serán:

- Interpretación do acordo.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Resolver cantas dúbihdas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste acordo.

OITAVA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente acordo extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento total ou parcial, por calquera das partes, dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Mutuo acordo das partes asinantes.
- c) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- d) Calquera outra causa prevista nas leis.

NOVENA. VIXENCIA DO ACORDO

O acordo de colaboración entra en vigor desde a data da súa sinatura e seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas establecidas para cada unha das partes recollidas neste instrumento.

DÉCIMA. NATUREZA DO ACORDO

O presente acordo ten natureza administrativa e as discrepancias que puideran xurdir pola súa aplicación e, que non foran resoltas pola comisión de seguimento, serán dirimidas ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA. MEDIDAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

En todas as actividades e resultados vinculados á execución deste acordo as partes subscritoras deberán dar debido cumprimento da normativa referente á información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, á presentación de información sobre os instrumentos financeiros, ás características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, ao

sistema para o rexistro e ao almacenamento de datos e mantemento da rotulación do equipamento cedido.

DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste acordo non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes de maneira que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade á AXEGA, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN DO ACORDO

Calquera modificación no contido deste acordo, requirirá mutuo acordo entre a AXEGA e o concello asinante e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO SEXTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumplimentos que contén este acordo, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO SÉTIMA. NORMATIVA APLICABLE

O presente acordo ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. O acordo queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 4, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da dita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao tratarse dunha actuación con aplicación de fondos da Comunidade Europea (FEDER), observarase á regulamentación comunitaria aplicable recollida no Regulamento (UE) 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo, así como no Regulamento (UE) 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1080/2006.

E en proba de conformidade co expresado neste acordo, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

POLA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA
E DEPORTES E PRESIDENCIA DA AXEGA

POLO CONCELLO DE PONTECESO
O alcalde

Diego Calvo Pouso

Xosé Lois García Carballido

